

RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE REALIZA UNHA CORRECCIÓN DE ERROS DA R.R. DO 28/10/2021 POLA QUE SE CONVOCA A CUARTA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS AUGA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Detectado erro material na R.R. do 28 de outubro de 2021, pola que se convoca a IV Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga da Universidade de Vigo, e dacordo co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que permite ás administracións públicas rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia de persoas interesadas os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Primeiro.- A base primeira da R.R. do 28 de outubro de 2021 queda redactada do seguinte xeito:

“Primeira- Obxecto da convocatoria

A Vicerreitoría do Campus de Ourense – Campus Auga da Universidade de Vigo considera importante, para estimular a promoción do Campus Auga, premiar accións destacadas no ámbito da investigación, transferencia, e a divulgación científica, que contribúan a situar e consolidar o Campus de Ourense como un referente internacional en temáticas relacionadas coa auga.

Neste senso, a convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións de investigación, transferencia, e divulgación científica, relativos ás temáticas da auga, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus Auga.

1. Premios de investigación e transferencia

O seu obxectivo é recoñecer diferentes facetas da actividade investigadora e de transferencia desenvolvida por persoal docente e investigador (PDI), persoal investigador (PI) ou estudiantado da Universidade de Vigo nas temáticas obxecto da convocatoria, entre as que se atopan: Traballos Fin de Grao (TFG), Traballos Fin de Mestrado (TFM), Teses de Doutoramento, e contribucións científicas de alto impacto publicados entre o 2020 e o 2021, así como resultados relevantes de transferencia tecnolóxica ou de coñecemento derivados dun proxecto ou contrato finalizado entre 2020 e 2021, sempre que fose realizado por PDI, PI ou estudiantado da Universidade de Vigo, e non fora presentado á anterior convocatoria destes Premios.

Entendese por contribucións científicas aquelas que se realizan nos medios de difusión propios de cada ámbito de coñecemento, como poden ser artigos en revistas indexadas, libros, capítulos de libros, monografías, recensións, etc.

En canto a resultados de transferencia, enténdense como tales patentes en explotación, produtos ou servizos comercializados por algunha empresa, estudos e informes de impacto contrastado, sempre que fosen resultado dun proxecto ou contrato realizado na Universidade de Vigo e finalizado entre 2020 e 2021; para elo, será necesario que todos os membros do proxecto ou contrato, do que deriven resultados relevantes de transferencia, cumpran a condición de ser PDI ou estudantado da Universidade de Vigo.

2. Premios de divulgación científica

Preténdese tamén premiar accións e actividades de divulgación científica realizadas nos anos 2020 e 2021 nas temáticas da convocatoria, que contribúan á promoción do Campus Auga e a divulgar a acción e o coñecemento científico producido no seu seo.”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.